

No centenario do pasamento de **Curros**

Xosé Neira Vilas

O pasado 7 de marzo cumpríronse 100 anos da morte do poeta Manuel Curros Enríquez, unha das tres grandes voces líricas do noso rexurdimento. Morreu na cidade da Habana a donde emigrara 14 anos antes. Finou na clínica La Covadonga do centro Asturiano, no pabillón ou sala "Ramón Pérez" (cadra que en 1974 estiven ingresado no mesmo lugar, onde me operaron, sentín unha emoción grande e ata pedín que me trouxesen para reler *Aires da miña terra*).

Andaba de mal talante e con problemas de saúde nos últimos tempos. Padecía asma e reumatismo e tiña problemas cardíacos. Ía camiñando dende a casa de pensión na que moraba ata a redacción do *Diario de la Marina*, onde traballaba. Atrás quedaran as tertulias con Esteban

Borrero e as visitas dominicais ó seu amigo Manuel Hierro, xoieiro da rúa Obispo.

O seu último poema foi "A Alborada de Veiga", que leu no acto de homenaxe ó músico mindoniense o 20 de decembro de 1907 día da estrea do noso himno. Ata o mesmo día que ingresou no hospital da Covadonga (unhas tres semanas antes de falecer) escribiu o seu artigo diario na Sección La Prensa do citado xornal, columna que alternaba con traballos de crítica literaria.

Tivera e tiña discrepancias cos directivos do Centro Galego (véxase a poesía "A Espiña") pero non foron esas diferenzas as que motivaron que cando se agravou fose levado á entidade asturiana e non a La Benéfica, dos galegos. Foi así sobre todo porque D. Nicolás Rivero o director da



O seu último poema foi "A Alborada de Veiga".

"Marina" era orixinario de Asturias. Conseguiu para o poeta un departamento de preferencia e foi encomendado especialmente o director, Dr. Manuel Bengo. Visitárono diversos amigos e admiradores, e en especial o músico Chané e un dos seus fillos así como Constantino Añel, Adelardo Novo, Nan de Allariz e Fontenla Leal. Outro médico que o atendía era o Dr. Ponce Soto e de continuo



O músico Chané foi un dos galegos que visitou a Curros na clínica La Covadonga.

estaba á súa beira o Dr. García Mon, paisano a quen o poeta estimaba moito.

Tiña algúns amigos, é certo, pero en xeral era un gran solitario, como o sería Eduardo Blanco Amor. Padecía –segundo conta Alberto Vilanova– “trastornos temperamentais que tanto desequilibraron a súa vida de relación social”.

Pepe de Xan Baña sentía por Curros grande admiración, axudáralo no semanario *La Tierra Gallega* e ofrecíaselle para calquera xestión ou servizo que necesitase. Deixou escritas algunhas páxinas sobre el, que nos permite achegarnos en algo ó Curros íntimo. Entre outras cousas dixo que era un home fácil de enganar e difícil de desenganar (esto queda demostrado cando o enganaron coa proposta de plantar bacelos na provincia da Habana).



Retrato de Curros Enríquez na Habana, dedicado ó seu amigo Cesáreo Nieto.

Estivera uns meses en Galicia en 1904, ocasión na que foi coroado na Coruña en acto solemne presidido por Manuel Murguía. Volta a Cuba e mantén dende entón e sempre o propósito de radicarse un día no eido orixinario. Manifestoullo de viva voz e por carta a amigos

e familiares. Pero non poido ser. Sorprendeuno a morte cando viña de cumprir 57 anos. Moitos foron os trasterrados que non puideron desandar o camiño cando xa tiñan proxectado en firme o retorno. Caso semellante ó de Curros é o do pintor pontevedrés Arturo Souto.

A morte de Curros causou forte impresión na capital de Cuba. Morreu ás oito e media da mañá e pouco despois o seu cadaver foi trasladado ós salóns do *Diario de la Marina*. Fíxéronse gardas de honor. Nas primeiras horas do día 8 iniciouse o cortexo fúnebre ata o cemiterio. Levárono en hombros os integrantes do Orfeón Ecos de Galicia e do cuarteto "Os Montes", que chegara dous días antes a cidade. Despediuno Nicolás Rivero. Foi embalsamado e quedou alí ata o día 19 en que o

trasladaron ó Centro Galego para embarcar os seus restos o día seguinte no vapor Alfonso XIII. Entre os acompañantes achábanse José López Pérez, presidente do Centro Galego, o compositor Chané e o poeta e dramaturgo Nan de Allariz. O goberno cubano enviou o Xeneral da Guerra de Independencia José A. Bravet. Os restos do poeta chegaron a Coruña o 31 de marzo de 1908 cubertos pola bandeira de Galicia. A mesma bandeira que ondeara por primeira vez na Habana catro anos antes.



Alberto Vilanova, un dos biógrafos de Curros comenta que "padecía trastornos temperamentais que tanto desequilibraron a súa vida de relación social".



*En 1904 Curros foi coroado na Coruña en acto solemne presidido por M. Murguía.
Caricatura de Gogue.*